

9- ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS DO DEPARTAMENTO

9.1 CARACTERÍSTICAS XERAIS E OBXECTIVOS

Como vén sendo habitual, desde o Departamento promoveranse diferentes actividades educativas tanto dentro coma fóra do centro para conseguir unha educación integral do alumnado. Con estas actividades pretendemos traballar os contidos do currículo da área dunha maneira lúdica e polo tanto máis atractiva para o alumnado, mais tamén tentamos ir máis alá ao procurar pór en contacto os nosos alumnos coa realidade social, cultural e xeográfica de Galicia, fomentando asemade valores como a creatividade, a solidariedade e o respecto entre eles.

9.2 ACTIVIDADES

As actividades extraescolares e complementarias que realizaremos neste curso 2008-09 están sendo valoradas polo membros do Departamento e aínda non foron decididas na súa totalidade. Entre as propostas de actividades que barallamos, están as seguintes:

a) Actividades complementarias:

Visionado de películas en galego. Con esta actividade pretendemos achegar ao alumnado ao cine feito en Galicia e en galego. Asemade serviranos para traballar a narración cinematográfica e a relación cine-literatura. Entre as posibles películas que se proxectarán, están: *A lingua das bolboretas*, *Sempre Xonxa* ou a curtametraxe *Mamaasunción*.

Participación en certames literarios. Este ano continuaremos a nosa colaboración co concello de Xove participando no concurso literario das letras galegas que se promove desde a área de cultura para celebrar o Día das Letras Galegas. Os nosos alumnos participan con debuxos, cómics, poemas e relatos que espertan a súa creatividade e madurez.

Homenaxe a autor seleccionado no Día das Letras Galegas do ano 2011, o empresario Valentín Paz Andrade. Pretendemos finalizar o traballo de achegamento o autor que realizaremos durante o curso, cun acto de homenaxe ao autor que consistirá na lectura pública de fragmentos da súa obra.

Continuaremos celebrando as diferentes festas tradicionais galegas: Samaín, magosto, entroido, os maíos, con actividades de recollida de información por parte dos alumnos e confección de traballos que serán expostos nas diferentes estancias

do centro.

b) Actividades extraescolares:

Viaxe cultural para coñecer algún aspecto da cultura ou da realidade galega. Este ano temos pensado levar os nosos alumnos a visitar a exposición *As nosas palabras, os nosos mundos* organizada pola Secretaría Xeral de Política Lingüística. Outra actividade posible, sería a visita á casa museo dalgún escritor da literatura galega: a de Otero Pedrayo, de Rosalía, de Ramón Cabanillas.

Asistencia a representación dalgunha obra de teatro en galego. Intentaremos que presenciemos algunha obra de estrea prevista no circuíto teatral galego para o vindeiro ano coa finalidade de seguir fomentando a afección ao teatro entre o alumnado.